

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**4463** *ORDE PRE/456/2007, do 28 de febreiro, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios, co fin de modificar a especificación técnica da substancia clorotalonil e incluír as substancias activas clopiralida, ciprodinil, fosetil, trinexapac, diclorprop-p, metconazol, pirimetanil, triclopir e dimoxistrobina. («BOE» 54, do 3-3-2007.)*

A Directiva 91/414/CEE do Consello, do 15 de xullo de 1991, relativa á comercialización de produtos fitosanitarios, inclúe no seu anexo I as substancias activas que foron autorizadas para a súa incorporación a tales produtos. A dita directiva incorpórase ao ordenamento xurídico español en virtude do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios. Por outra parte, na Orde do 14 de abril de 1999 establécese o anexo I do dito real decreto, baixo a denominación «Lista comunitaria de substancias activas», que se define no artigo 2.16 deste real decreto, como a lista das substancias activas de produtos fitosanitarios aceptadas pola Comisión Europea e cuxa incorporación se fará pública mediante disposicións nacionais, dadas ao abeiro das correspondentes normas comunitarias.

A Directiva 91/414/CEE do Consello, do 15 de xullo de 1991, foi modificada a través de sucesivas directivas co fin de incluír no seu anexo I determinadas substancias activas. Así, mediante a Directiva 2006/64/CE da Comisión, do 18 de xullo de 2006, inclúense as substancias activas clopiralida, ciprodinil, fosetil e trinexapac; pola Directiva 2006/74/CE da Comisión, do 21 de agosto de 2006, engádense as substancias activas diclorprop-p, metconazol, pirimetanil e triclopir e pola Directiva 2006/75/CE da Comisión, do 11 de setembro de 2006, inclúese a substancia activa dimoxistrobina. Por outra parte, a Directiva 2005/53/CE da Comisión, do 16 de setembro de 2006, que inclúe a substancia activa clorotalonil, foi modificada pola Directiva 2006/76/CE da Comisión, do 22 de setembro de 2006, en canto á especificación técnica da dita substancia activa.

As disposicións citadas establecen as condicións para que a comercialización de produtos fitosanitarios que conteñan as referidas substancias activas non teñan efectos nocivos para a saúde humana ou a saúde animal nin para as augas subterráneas, nin teñan repercusións inaceptables para o ambiente, así como para que se revisen as autorizacións existentes de produtos fitosanitarios que conteñan algunha das substancias activas que se inclúen no anexo I da Directiva 91/414/CEE do Consello, do 15 de xullo de 1991, modificándoas ou retirándoas, de conformidade co establecido para o efecto na dita directiva.

Esta orde incorpora ao ordenamento xurídico interno as directivas 2006/64/CE da Comisión, do 18 de xullo de 2006, 2006/74/CEE da Comisión, do 21 de agosto de 2006, e 2006/75/CE da Comisión, do 11 de setembro de 2006, mediante a inclusión das substancias activas clopiralida, ciprodinil, fosetil, trinexapac, diclorprop-p, metconazol, pirimetanil, triclopir e dimoxistrobina no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, así como a Directiva 2006/76/CE da Comisión, do 22 de setembro de 2006, que modifica a especificación técnica da substancia activa clorotalonil, e dítase de acordo coa facultade establecida

na disposición derradeira primeira do citado Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro.

A Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria emitiu informe preceptivo sobre esta disposición. Así mesmo, na súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Sanidade e Consumo e de Medio Ambiente, dispoño:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios.*

O anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o punto referente á especificación técnica da substancia activa clorotalonil, nos termos que figuran no anexo desta orde.

Dous. Inclúense as substancias activas clopiralida, ciprodinil, fosetil, trinexapac, diclorprop-p, metconazol, pirimetanil, triclopir e dimoxistrobina, no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro.

**Disposición adicional única.** *Revisión das autorizacións.*

1. Co fin de verificar que se cumpren as condicións de inclusión establecidas no anexo desta orde, as autorizacións existentes e as provisionais dos produtos fitosanitarios que conteñan as substancias activas afectadas, concedidas con anterioridade ao inicio do seu prazo de inclusión, serán revisadas, adoptando e aplicando as correspondentes resolucións antes de que expire o respectivo prazo de inclusión establecido no dito anexo.

2. A verificación do cumprimento dos requisitos de documentación a que alude o artigo 29.1 a) do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, especificados no anexo III da Orde do 4 de agosto de 1993, pola que se establecen os requisitos para solicitudes de autorizacións de produtos fitosanitarios, e a avaliación conforme os principios uniformes contidos no anexo VI da Directiva 91/414/CEE do Consello, do 15 de xullo de 1991, relativa á comercialización de produtos fitosanitarios, incorporado ao noso ordenamento xurídico pola Orde do 29 de novembro de 1995, pola que se establecen os principios uniformes para a avaliación e autorización de produtos fitosanitarios, deberán realizarse adoptando e aplicando as correspondentes resolucións antes de que expire o prazo para a aplicación dos ditos principios uniformes que para cada unha das substancias activas se indica no anexo desta orde, tendo en conta, ademais, as conclusións da versión final do informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado no Comité Permanente da Cadea Alimentaria e Sanidade Vexetal.

3. No Rexistro Oficial de Produtos e Material Fitosanitario da Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación quedarán á disposición dos interesados os informes de revisión da Comisión Europea a que se refire o punto anterior, así como os da Comisión de Avaliación de Produtos Fitosanitarios previstos no artigo 3 do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro. Todo iso con excepción da información confidencial definida no artigo 32 do dito real decreto.

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup>, 16.<sup>a</sup> e 23.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coor-

dinación da planificación xeral da actividade económica, de bases e coordinación xeral da sanidade e de lexislación básica sobre protección do ambiente, respectivamente.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Esta disposición entrará en vigor para as substancias activas dimoxistrobina e clorotalonil o día seguinte ao da publicación desta orde no «Boletín Oficial del Estado», para as substancias activas clopiralida, ciprodinil, fosetil e trinexapac, o día 1 de maio de 2007, e para as substancias activas diclorprop-p, metconazol, pirimetanil, triclopir, o día 1 de xuño de 2007.

Madrid, 28 de febreiro de 2007.–A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, María Teresa Fernández de la Vega Sanz.

**ANEXO**

**Condicións de inclusión das substancias activas seguintes**

**102. Condicións da inclusión da substancia activa clorotalonil**

Características:

Nome común: clorotalonil.

N.º CAS: 1897-45-6.

N.º CIPAC: 288.

Nome químico (IUPAC): tetracloroisofaltonitrilo.

Pureza mínima da substancia:  $\geq 985$  g/kg.

Hexaclorobenceno: máx. 0,04 g/kg.

Decaclorobifenilo: máx. 0,03 g/kg.

Condicións de inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como funxicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Vexetal na súa reunión do 15 de febreiro de 2005, deberase atender especialmente:

Á protección dos organismos acuáticos.

Á protección das augas subterráneas, especialmente polo que se refire á substancia activa e aos seus metabolitos R417888 e R611965 (SDS46851) cando a substancia activa se aplique en zonas de características edáficas vulnerables ou condicións climáticas delicadas e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución de risco.

Prazo da inclusión: do 1 de maio de 2006 ao 28 de febreiro de 2016.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de agosto de 2006.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 28 de febreiro de 2010 para formulacións que conteñan clorotalonil como substancia activa única, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a dita data ou, se é posterior, na data límite que estableza a orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o clorotalonil unha substancia activa antiga, aplicaráselle o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

**129. Condicións da inclusión da substancia activa dimoxistrobina**

Características:

Nome común: dimoxistrobina.

N.º CAS: 149961-52-4.

N.º CIPAC: 739.

Nome químico (IUPAC): (E)-o-(2,5-dimetilfenoximeto)-2-metoximino-N-metil-fenilacetamida.

Pureza mínima da substancia:  $\geq 980$  g/kg de produto técnico.

Condicións de inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como funxicida.

Para solicitudes de autorización de produtos fitosanitarios que conteñan dimoxistrobina para o uso de invernoiro, prestaráselles especial atención aos criterios recollidos no artigo 15 do Real decreto 2163/1994, para o que se facilitarán todos os datos e a información necesaria para proceder á súa autorización.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Vexetal na súa reunión do 27 de xaneiro de 2006, deberase atender especialmente:

Á protección das augas subterráneas, cando a substancia activa se utilice nunha situación cun factor de intercepción dos cultivos baixos ou en zonas de características climáticas ou edáficas vulnerables.

Á protección dos organismos acuáticos e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución de risco.

Presentaranse estudos adicionais sobre unha determinación refinada do risco para as aves e os mamíferos e do risco acuático considerando o alto risco crónico para os peixes e as posibles medidas de redución do risco, en particular tendo en conta a escorrega e a drenaxe. Estes estudos facilitaranse no prazo de dous anos a partir da entrada en vigor da data de inclusión desta substancia activa.

Prazo da inclusión: do 1 de outubro de 2007 ao 30 de setembro de 2016.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de setembro de 2006.

Prazo para que o titular das autorizacións xustifique que dispón dunha documentación que reúne os requisitos dun anexo II de dimoxistrobina doutra procedencia distinta á incluída no anexo I: o 30 de setembro de 2006. En función da dita avaliación, a modificación ou retirada das ditas autorizacións producirase como máis tarde o 31 de marzo de 2007.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de marzo de 2008 para produtos que conteñan dimoxistrobina como substancia activa única, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a dita data ou, se é posterior, na data límite que estableza a orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser a dimoxistrobina unha substancia activa nova, aplicaráselle o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

**131. Condicións da inclusión da substancia activa clopiralida**

Características:

Nome común: clopiralida.

N.º CAS: 1702-17-6.

N.º CIPAC: 455.

Nome químico (IUPAC): ácido 3,6-dicloropiridina-2-carboxílico.

Pureza mínima da substancia:  $\geq 950$  g/kg de produto técnico.

**Condicións de inclusión:**

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Para solicitudes de autorización de produtos fitosanitarios que conteñan clopiralida para usos diferentes dos correspondentes a aplicacións de primavera prestaráse-lles especial atención aos criterios recollidos no artigo 15 do Real decreto 2163/1994, para o cal se facilitarán todos os datos e a información necesaria para proceder á súa autorización.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 4 de abril de 2006, deberase atender especialmente:

Á protección das plantas que non son obxecto do tratamento e das augas subterráneas en situacións vulnerables e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución de risco, así como iniciar programas de vixilancia nas zonas vulnerables para controlar a posibilidade de contaminación das augas subterráneas.

Presentaranse estudos adicionais co fin de confirmar os resultados no metabolismo dos animais, que os notificadores, por instancia dos cales se incluíu a clopiralida, facilitarán no prazo de dous anos a partir da entrada en vigor da data de inclusión desta substancia activa.

Prazo da inclusión: do 1 de maio de 2007 ao 30 de abril de 2017.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de abril de 2007.

Prazo para que o titular das autorizacións xustifique que dispón dunha documentación que reúne os requisitos dun anexo II de clopiralida doutra procedencia distinta á incluída no anexo I: o 30 de abril de 2007. En función desta avaliación, a modificación ou retirada das ditas autorizacións producirase como máis tarde o 31 de outubro de 2007.

Prazo para a avaliación de acordo cos principios uniformes: o 30 de abril de 2011 para produtos que conteñan clopiralida como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a dita data ou, se é posterior, na data límite que estableza a orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser a clopiralida unha substancia activa antiga, aplicaráselle o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

### 132. *Condicións da inclusión da substancia activa ciprodinil*

**Características:**

Nome común: ciprodinil.

N.º CAS: 121522-61-2.

N.º CIPAC: 511.

Nome químico (IUPAC): (4-ciclopropil-6-metil-pirimidina-2-il)-fenilamina.

Pureza mínima da substancia:  $\geq$  980 g/kg de produto técnico.

**Condicións de inclusión:**

Usos: só poderá ser utilizado como funxicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 4 de abril de 2006, deberase atender especialmente:

Á seguranza dos aplicadores e incluír como condición nas correspondentes autorizacións a utilización de equipamentos de protección individual adecuados.

Á protección das aves, dos mamíferos e dos organismos acuáticos e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución de risco, como zonas tampón.

Presentaranse estudos adicionais co fin de confirmar a avaliación do risco para as aves e os mamíferos e a posible presenza de residuos do metabolito CGA 304075 nos alimentos de orixe animal. Estes estudos facilitaríanse no prazo de dous anos a partir da entrada en vigor da data de inclusión desta substancia activa.

Prazo da inclusión: do 1 de maio de 2007 ao 30 de abril de 2017.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de abril de 2007.

Prazo para que o titular das autorizacións xustifique que dispón dunha documentación que reúne os requisitos dun anexo II de ciprodinil doutra procedencia distinta á incluída no anexo I: o 30 de abril de 2007. En función da dita avaliación, a modificación ou retirada das ditas autorizacións producirase como máis tarde o 31 de outubro de 2007.

Prazo para a avaliación de acordo cos principios uniformes: o 30 de abril de 2011 para produtos que conteñan ciprodinil como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a dita data ou, se é posterior, na data límite que estableza a orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o ciprodinil unha substancia activa antiga, aplicaráselle o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

### 133. *Condicións da inclusión da substancia activa fosetil*

**Características:**

Nome común: fosetil.

N.º CAS: 15845-66-6.

N.º CIPAC: 384.

Nome químico (IUPAC): hidroxenofosfonato de etilo.

Pureza mínima da substancia:  $\geq$  960 g/kg de produto técnico (expresado como fosetil-AI).

**Condicións de inclusión:**

Usos: só poderá ser utilizado como funxicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 4 de abril de 2006, deberase atender especialmente:

Á protección das aves, dos mamíferos, dos organismos acuáticos e dos artrópodos que non son obxecto do tratamento e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución de risco, como zonas tampón.

Presentaranse estudos adicionais co fin de confirmar a avaliación de risco para os artrópodos que non son obxecto do tratamento, en particular no que se refire á súa recuperación no terreo tratado, e para os mamíferos herbívoros. Estes estudos facilitaríanse no prazo de dous anos a partir da entrada en vigor da data de inclusión desta substancia activa.

Prazo da inclusión: do 1 de maio de 2007 ao 30 de abril de 2017.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de abril de 2007.

Prazo para que o titular das autorizacións xustifique que dispón dunha documentación que reúne os requisitos dun anexo II de fosetil doutra procedencia distinta á incluída no anexo I: o 30 de abril de 2007. En función da dita avaliación, a modificación ou retirada das ditas autorizacións producirase como máis tarde o 31 de outubro de 2007.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de abril de 2011 para produtos que conteñan fosetil como única substancia activa única, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a dita data ou, se é posterior, na data límite que estableza a orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o fosetil unha substancia activa antiga, aplicaráselle o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

#### 134. *Condicións da inclusión da substancia activa trinexapac*

Características:

Nome común: trinexapac.

N.º CAS: 104273-73-6.

N.º CIPAC: 732.

Nome químico (IUPAC): ácido 4-(ciclopropil-hidroxi-metileno)-3,5-dioxo-ciclohexano carboxílico.

Pureza mínima da substancia:  $\geq 940$  g/kg (expresado como trinexapac-etil).

Condicións de inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como regulador do crecemento vexetal.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Vexetal na súa reunión do 4 de abril de 2006, deberase atender especialmente:

Á protección das aves e dos mamíferos e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución de risco.

Á protección das aves e dos mamíferos e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución de risco.

Prazo da inclusión: do 1 de maio de 2007 ao 30 de abril de 2017.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de abril de 2007.

Prazo para que o titular das autorizacións xustifique que dispón dunha documentación que reúne os requisitos dun anexo II de trinexapac doutra procedencia distinta á incluída no anexo I: o 30 de abril de 2007. En función da dita avaliación, a modificación ou retirada das ditas autorizacións producirase como máis tarde o 31 de outubro de 2007.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de abril de 2011 para produtos que conteñan trinexapac como substancia activa única, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a dita data ou, se é posterior, na data límite que estableza a orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o trinexapac unha substancia activa antiga, aplicaráselle o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

#### 135. *Condicións da inclusión da substancia activa diclorprop-p*

Características:

Nome común: diclorprop-p.

N.º CAS: 15165-67-0.

N.º CIPAC: 476.

Nome químico (IUPAC): (R)-2-(2,4-diclorofenoxi) ácido propanoico.

Pureza mínima da substancia:  $\geq 900$  g/kg de produto técnico.

Condicións de inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Vexetal na súa reunión do 23 de maio de 2006, deberase atender especialmente:

Á protección das aves e dos mamíferos, dos organismos acuáticos e das plantas terrestres que non son obxecto do tratamento e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución de risco.

Presentaranse estudos adicionais co fin de confirmar os resultados no metabolismo dos animais e a avaliación do risco de exposición grave a curto prazo para as aves e de exposición aguda para os animais herbívoros. Estes estudos facilitaríanse no prazo de dous anos a partir da entrada en vigor da data de inclusión desta substancia activa.

Prazo da inclusión: do 1 de xuño de 2007 ao 31 de maio de 2017.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de maio de 2007.

Prazo para que o titular das autorizacións xustifique que dispón dunha documentación que reúne os requisitos dun anexo II de diclorprop-p doutra procedencia distinta á incluída no anexo I: o 31 de maio de 2007. En función da dita avaliación, a modificación ou retirada das ditas autorizacións producirase como máis tarde o 30 de novembro de 2007.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de maio de 2011 para produtos que conteñan diclorprop-p como substancia activa única, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a dita data ou, se é posterior, na data límite que estableza a orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o diclorprop-p unha substancia activa antiga, aplicaráselle o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

#### 136. *Condicións da inclusión da substancia activa metconazol*

Características:

Nome común: metconazol.

N.º CAS: 125116-23-6 (estereoquímica sen confirmar).

N.º CIPAC: 706.

Nome químico (IUPAC): (1RS, 5RS: 1RS, 5SR)-5-(4-clo-robenzil) 2,2-dimetil-1-(1H-1,2,4-triazol-1-ilmetil) ciclopentanol.

Pureza mínima da substancia:  $\geq 940$  g/kg de produto técnico (suma de isómeros cis e trans).

Condicións de inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como fungicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea

Alimentaria e de Sanidade Vexetal na súa reunión do 23 de maio de 2006, deberase atender especialmente:

Á protección dos organismos acuáticos, das aves e dos mamíferos e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución de risco.

Á seguraza dos aplicadores e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de protección.

Prazo da inclusión: do 1 de xuño de 2007 ao 31 de maio de 2017.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de maio de 2007.

Prazo para que o titular das autorizacións xustifique que dispón dunha documentación que reúne os requisitos dun anexo II de metconazol doutra procedencia distinta á incluída no anexo I: o 31 de maio de 2007. En función desta avaliación, a modificación ou retirada das ditas autorizacións producirase como máis tarde o 30 de novembro de 2007.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de maio de 2011 para produtos que conteñan metconazol como substancia activa única, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a dita data ou, se é posterior, na data límite que estableza a orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o metconazol unha substancia activa antiga, aplicaráselle o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

#### 137. *Condicións da inclusión da substancia activa pirimetanil*

Características:

Nome común: pirimetanil.

N.º CAS: 53112-28-0.

N.º CIPAC: por asignar

Nome químico (IUPAC): N-(4,6-dimetilpirimidin-2-il) anilina.

Pureza mínima da substancia:  $\geq 975$  g/kg (a impureza de fabricación cianamida considérase de importancia toxicolóxica e a súa concentración no produto técnico non debe superar 0,5 g/kg).

Condicións de inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como funxicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Vexetal na súa reunión do 23 de maio de 2006, deberase atender especialmente:

Á protección de organismos acuáticos e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución de risco.

Á seguraza dos aplicadores e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, equipamentos de protección individual adecuados.

Presentaranse estudos adicionais co fin de confirmar a avaliación do risco para os peixes. Os ditos estudos facilitaranse no prazo de dous anos a partir da entrada en vigor da data de inclusión desta substancia activa.

Prazo da inclusión: do 1 de xuño de 2007 ao 31 de maio de 2017.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de maio de 2007.

Prazo para que o titular das autorizacións xustifique que dispón dunha documentación que reúne os requisitos dun anexo II de pirimetanil doutra procedencia distinta á incluída no anexo I: o 31 de maio de 2007. En fun-

ción desta avaliación, a modificación ou retirada das ditas autorizacións producirase como máis tarde o 30 de novembro de 2007.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de maio de 2011 para produtos que conteñan pirimetanil como substancia activa única, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a dita data ou, se é posterior, na data límite que estableza a orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o pirimetanil unha substancia activa antiga, aplicaráselle o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

#### 138. *Condicións da inclusión da substancia activa triclopir.*

Características:

Nome común: triclopir.

N.º CAS: 055335-06-3.

N.º CIPAC: 376.

Nome químico (IUPAC): ácido 3,5,6-tricloro-2-piridiloxiacético.

Pureza mínima da substancia:  $\geq 960$  g/kg (baixo a forma de triclopir éster butoxietílico).

Condicións de inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Para solicitudes de autorización de produtos fitosanitarios que conteñan triclopir para outros usos distintos das aplicacións de primavera en pasteiros e prados, prestaráselles especial atención aos criterios recollidos no artigo 15 do Real decreto 2163/1994, para o que se facilitarán todos os datos e a información necesaria para proceder á súa autorización.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Vexetal na súa reunión do 23 de maio de 2006, deberase atender especialmente:

Á protección das augas subterráneas en situación vulnerable e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, programas de vixilancia nas zonas vulnerables.

Á seguraza dos aplicadores e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, equipamentos de protección individual adecuados.

Á protección das aves, dos mamíferos, dos organismos acuáticos e das plantas que non son obxecto do tratamento e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución de risco.

Presentaranse estudos adicionais co fin de confirmar a avaliación do risco de exposición grave e a longo prazo para as aves e os mamíferos, así como o risco para os organismos acuáticos derivado da exposición ao metabolito 6-cloro-2-piridinol. Estes estudos facilitaranse no prazo de dous anos a partir da entrada en vigor da data de inclusión desta substancia activa.

Prazo da inclusión: do 1 de xuño de 2007 ao 31 de maio de 2017.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de maio de 2007.

Prazo para que o titular das autorizacións xustifique que dispón dunha documentación que reúne os requisitos dun anexo II de triclopir doutra procedencia distinta á incluída no anexo I: o 31 de maio de 2007. En función da dita avaliación, a modificación ou retirada destas autorizacións producirase como máis tarde o 30 de novembro de 2007.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 31 de maio de 2011 para produtos que conteñan triclopir como substancia activa única, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a dita data ou, se é posterior, na data límite que estableza a orde pola que se inclúen as substancias activas en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o triclopir unha substancia activa antiga, aplicaráselle o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro.

**4464** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 711/2006, do 9 de xuño, polo que se modifican determinados reais decretos relativos á inspección técnica de vehículos (ITV) e á homologación de vehículos, as súas partes e pezas, e se modifica, así mesmo, o Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro. («BOE» 54, do 3-3-2007.)*

Advertidos erros no Real decreto 711/2006, do 9 de xuño, polo que se modifican determinados reais decretos relativos á inspección técnica de vehículos (ITV) e á homologación de vehículos, as súas partes e pezas, e se modifica, así mesmo, o Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 9 en lingua galega, do 1 de xullo de 2006, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 1400, primeira columna, no segundo parágrafo do punto un, onde di: «A. QUAD-ATV: Vehículo de catro ou máis», debe dicir: «A.QUAD-ATV: Vehículo especial de catro ou máis.»

Na páxina 1400, segunda columna, primeira liña do segundo parágrafo, onde di: «B.66 UAD-ATV: Vehículo de catro ou máis.», debe dicir: «B.66 QUAD-ATV: Vehículo especial de catro ou máis.»

## XEFATURA DO ESTADO

**4731** *CORRECCIÓN de erros da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio. («BOE» 57, do 7-3-2007.)*

Advertidos erros na publicación da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 17 en lingua galega, do 1 de decembro de 2006, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

No índice, onde di: «Disposición adicional vixésimo egunda», debe dicir: «Disposición adicional vixésimo segunda»

No índice, entre a «Disposición adicional vixésimo cuarta» e a «Disposición transitoria primeira» debe dicir: «Disposición adicional vixésimo quinta. Gastos e investimentos para habituar os empregados na utilización das novas tecnoloxías da comunicación e da información.»

Na páxina 2280, primeira columna, artigo 25.3.2.º, sexto parágrafo, onde di: «20 por cento, cando o perceptor teña máis de 66 e 69 anos», debe dicir: «20 por cento, cando o perceptor teña entre 66 e 69 anos».

Na páxina 2288, segunda columna, artigo 49.2, cuarta liña, onde di: «. a que se refire o parágrafo anterior.», debe dicir: «. a que se refire o número anterior.»

Na páxina 2294, primeira columna, artigo 68.1.4.º, d), segunda liña, onde di: «. na alínea a) do número 1 anterior, será de 12.020 euros anuais», debe dicir: «. no número 1.º anterior, será de 12.020 euros anuais».

## MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**4732** *ORDE EHA/487/2007, do 28 de febreiro, pola que se aproba a apertura de códigos estatísticos na nomenclatura combinada por razón de interese nacional e se establece o procedemento para levala a cabo. («BOE» 57, do 7-3-2007.)*

O Regulamento (CEE) n.º 2658/87, do Consello, do 23 de xullo de 1987, relativo á nomenclatura arancelaria e estatística e ao arancel alfandegueiro común, estableceu unha única nomenclatura, denominada «Nomenclatura combinada», capaz de satisfacer asemade as exixencias arancelarias e estatísticas. Sobre a base da nomenclatura combinada, a Comisión estableceu un arancel integrado das comunidades europeas, en diante denominado «Taric».

O artigo 5 do citado regulamento establece que os Estados membros poderán inserir, a partir das subpartidas NC, subdivisións que respondan a necesidades estatísticas nacionais e, a partir das subpartidas Taric, subdivisións que respondan a outras necesidades nacionais.

A normativa comunitaria reguladora das estatísticas dos intercambios de bens da Comunidade e dos seus Estados membros con países terceiros e dos intercambios de bens entre Estados membros faculta a estes para a toma de información adicional a aquela requirida pola Comunidade co fin de dar resposta adecuada ás exixencias estatísticas nacionais distintas das propias comunitarias.

Neste sentido, o artigo 10.3 do Regulamento (CE) n.º 1172/95, do Consello, do 22 de maio de 1995, relativo ás estatísticas dos intercambios de bens da Comunidade e dos seus Estados membros con países terceiros, establece a posibilidade de que os Estados membros poidan establecer, para responder ás necesidades nacionais, que se mencionen no soporte da información estatística outros datos ademais dos recollidos no artigo 10.1, sempre que a subministración destes datos sexa compatible coas disposicións alfandegueiras relativas ao documento único administrativo.

Adicionalmente, o artigo 9.2 do Regulamento (CE) n.º 638/04, do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, sobre as estatísticas comunitarias de